

BANDO INFORMATIVO MEDIDAS HIXIÉNICAS E PREVENTIVAS COVID-19

A fin de lembrar ás veciñas e veciños de Viana do Bolo as distintas medidas hixiénicas e preventivas a ter en conta ó longo do período de confinamento domiciliario, esta Alcaldía ten a ben

INFORMAR

PRIMEIRO. As medidas recomendadas polas autoridades sanitarias para protexernos do novo Coronavirus COVID-19 son as seguintes:

- **Lavar as mans frecuentemente** con auga e xabón.
- **Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**
- Ao tusir, **cubrir a boca ben cun pano desbotábel**, ou ben contra **o brazo co cóbado flexionado**.
- En caso de presentar calquera síntoma respiratorio, **evitar o contacto próximo con outras persoas**.
- Da cordo coas instrucións das autoridades sanitarias, **a poboación sa non precisa empregar máscara**. Estas resultan eficaces para prever a transmisión do virus se as levan aqueles que están enfermos.

SEGUNDO. Só se pode saír da casa para realizar as **COMPRAS IMPRESCINDIBLES DE PRIMEIRA NECESIDADE**, seguindo as seguintes precaucións:

- Poden ir á compra aquelas **persoas que non presenten síntomas**. As persoas con patoloxías previas ou factores de risco deben quedar na casa.
- Mantén unha **distancia mínima de 1 metro e medio**, e evita as aglomeracións.
- Emprega **luvas de usar e tirar**.
- **Non toques a túa cara**, e lava as mans en canto chegues á casa.
- **Planifica as túas compras**: fai unha lista de **todo o que necesitas para varios días**.
- As **persoas maiores** que así o necesiten, poden dirixirse ó teléfono do Concello (**988 340 120**) en horario de 9:00 a 14:00 horas para **solicitar que o persoal municipal lles achegue alimentos ou medicación**.

TERCEIRO. En caso de presentar a sintomatoloxía propia do COVID-19 (febre, tose seca e sensación de falta de aire) **EVITAR ACUDIR DIRECTAMENTE Ó CENTRO DE SAÚDE**. Deberase **CONTACTAR TELEFÓNICAMENTE** co **900 400 116** ou co **061**.

Viana do Bolo, 25 de marzo de 2020.
O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.